

72481



O'A TERRA

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA


F 4593

Biblioteca

POR
J. Canto Lgrido
a de primeira Istrucción

meira edición

MONDORADO
SA. J. MANCEBO
1918



D'A TERRA

KIRKET 709.

Manoel Canto Lorido

Maestro de pirmeira Istrucción

••

P'A TERRA

PIRMEIRA EDICION

d. José Lope Martí

— — MONDOÑEDO
Tip. E. Mancebo
1918 — —

Wm. G. Clegg - Portland

Wm. G. Clegg - Portland

PATRICK

LAWRENCE ERICSON

John A. Anderson
John A. Anderson
John A. Anderson

A D. Francisco García Martínez

en proba de un novel cariño y-amis-
tade leal e sinceira lle dedica este mal
feito traballo,


O AUTOR

X. D. H. H.

annus annus annus annus annus annus annus

annus annus annus annus annus annus annus

ANNUA Q.



PAR' O LEUTOR

Gmpecei a facer versos, mal feitos desde logo, pro que a amabilidade d' o púbreco soupo acoller de bon xeito; por eso non me cansarei de donarlle as gracias. Un preclaro amigo que teño, aconselloume dar a luz esta obra, pro eu non quixen. Tanto foi o que me insistiu que non tiven máis romedio que aceder e porparala. Unha vez acabada de faguer, ainda vacilaba en imprimila, pro agora xa vai, confiando n-a benevolencia d' os leutores, ós que lles suprico indulxencia...

Non retrato a Galicia ó xeito, nin co-a fala de Rosalía nin Pondal, senon n-a maneira de falar que teñen n-a terra donde Noriega Varela— poeta castizo hastra n-a más— bebeu a inspiración cando publicou o seu libro «Montañesas».


A miña modestia — confeso de cora-

zón — reconoce o pouco valeamento meu,
porque son novo, ainda non pasei d' os
vinte, pol-o que a sangre ferve moito e
mira todal-as cousas a través d' un pris-
ma moy crariño... ¡qué lle habemos de
facer!...

Cada vez quero más a poética terra
de Curros, así que si vosotros, amables
leutores, acolleis esta obriña de bon xeito,
en vosco depende que drento de pou-
co tempo podais ler otra un pouco más
grande, titulada «Aluaradas d' aldea» que
teño a medio facer.

O Autor





A Galicia


¡Ai, Terra! Terriña enxebre,
a Galicia pintureira,
a Galicia asoballada,
a Galicia milagreira.

Fuche tod' a vida nobre,
tod' o tempo fuche santa,
choras Rosalía-e Curros,
lembrais quen a tí te-encanta.

Gallegos: ¡Viva Galicia!
¡Viva *Curros que-a cantoul*

Canto eu teño dou por ela,
dono a vida a y' alma dou.

Vinde vos, gallegos nobres,
a defendel' a terriña,
esa terra-aletargada...
ateigada de morriña.



A TERRA

][Galicia] Galicia nobre,
santa, poética terra!
Moy leembrada ê-en tod' o mundo
a nobre terriña celta.


Os teus típicos vistidos
son n'os homes a monteira,
un chaleque colorado
y'unha chaqueta rabela.

E moy propio n' as mulleres
o refaixo de bayeta;

e moy ceñidiña-o corpo
a rebiteada mantela.

Un caldiño de bon unto
groria-e d' a vida labrega,
tal que-outro anaco de carne...
bon leite-e pura manteiga.

JLór a tí, terriña santal
JLór a tí, terra gallega,
sempre nombrarei moy alto
a xentil, a nobre Suevia!



El Ramón Cabanillas

¡Viva Ramón Cabanillas,
o poeta d' a terriña!
¡Vivan seus versos enxebres,
cheos de sangre gallega,
inspirados n' a Galicia
dond' hoxe en día fumega,
ou por sorte ou por disgracia,
a-soballante morriña!
El e un home de talento
e de cencia está ateigado,
e poeta d' os lembrados,
gallego moi dicidido;
seus versos todo son ouro,
ouro bon e relocido
y 'eu non poido-esquencer nunca
ese galleguño amado.

Unhos eran falsos
y'outros non pasaban

Marica de Xan Pequeno
foi buscal' as enredadas
pr' a festa de San-Antoño,
a taberna de Lousada.

C' os cartos c' a nai lle dera,
pra qu' a tendeira pagara,
qu'eran unhos trinta rás...
foi mercar unha corbata
d' esas de color do ceyo,
pra-en canto chegase a casa

mandarll' a Toño de Xoca
de quen taba namorada.


Custoull' esa sete rás;
y' os outros que lle quedaban
gardounos na faltriqueira
por si lle facían falla
cando tivese n-a festa,
par' algunha convidada.

Pideu pemento e-azucré
n-a taberna d' Esperanza,
arroz, azafrán y especias,
e más un neto de caña;
díxoll' a dona d' a tenda
c' as cousas qu-ela levaba,
xa ll' as pagaría-a nai
calquer día d' semana.

Foi pr-a casa de bon xenio,
e pensando n' amañada
qu-ela tiña que faguer,
pra que a nai non 'a bourara,

Díxoll' a ésta a nosa moza
c' unha cara colorada:
— ¡Miña nai, quedei debendo
todas estas enredadas...
por qu' os cartos que me deu
pra lle pagar a Esperanza,
Unhos... eran d' ises falsos
e os outros non pasaban.





¡TERRA!

Dedicad' o meu ilustre compañeiro
Noriega Varela

Hastra morrer cantarei
a terra de Rosalía,
d' a insine Concepción,
de Manoel Curros Enriquez,
d'o gran cantor d' a montaña,
de Pondal e mais de Emilia.

Ha de ser sempre lembrada
a poética Galicia,
sempre, sempre ha de ter homes
qu' a defendan sin deixala;

homes que digan con Curros:
¡Viv' a Terr' a Terra miña!

Pra defendela os gallegos
nunca tivemos perguiza;
porque en todas ocasiós
qu' a miramos ultraxada
salimos sempre en defensa,
en defensa d' a terriña.

Sempre se viu asoballada;
pero Ramón Cabanillas
lanzóu o grito de protesta
pra qu' a xente despertase,
e loitar contra d' aqueles
que tanto a mortifican.

Venceremos os gallegos,
eses homes de cubiza
que non poden vernos grändes.
Con eles acabaremos;
hemos vencer sempre nosco
que levamol' a Xusticia.

O meu curazón y-a pruma
xa estan cheios d' alegria
parque empez' a resurxir
a nosa xeneración...
¡Viva sempre a nosa Terra!
¡Vivan os gallegos! ¡¡¡Vivan!!!

PRA ELA...

Tesme tú más contristado,
roubácheme-o corazón,
y-eu ximo, ximo por ela
e n' o faigo sin razón.

—
¡Probiño, probe de mí!
Ateigado de doóres,
alcóntrome case sempre
sofrindo d' o mal d' amores.

—
Son pouco, xa-o sei, pra ti,
e por eso andiven mal;


mais eu ben, moy ben andaba
se non foras desleal.

Estes versos son mal feitos,
y-e moy pouco pra che dar,
¿Quéres todo canto teño?...
Desd' hoy pódelo levar.



Meu lema é iste:

Ser amante d' a terriña,
d' a nobre terra gallega,
ond-hox-en dia fumega
a soballante morriña.




Faltan documentos (páxinas,
cadernos...)
ISO 9878/1990

Mal d' amores

O meu triste corazón
xime por tí, ben querido;
con sinceridá te quere
para sua compañeira;
pero desconfía moito
que non me señas sinceira.
e chegue quizás un día
que tí y-o pases ô-olvido.
Non sabes o que te quero,
o que adoro a tuá beldá,
alcóntrote retratada
nesta tola fantasía;

tí... erel' a predileuta,
 a corona d' alegría...,
 a muller qu' ei querer sempre
 pr' a miña felicidá.
 Preto de tí estou tranquilo,
 pro, sí, algo anonadado
 porque a tua cara me dice
 que non son de todo amado;
 mais si o corazón me lêras...
 daríasme lenitivo
 para consolal' as penas,
 alivial' o mal d' amores,
 consecuencias..., pesadumes...
 que producen os primores
 d' ese corpo feiticeiro...,
 d' ese corazón querido.



Un pombo

N-a casa d' o Catalán,
almorzando en compañía
d' unha morena de Foz,
tab' un home. Alegria
qu-esperimentaba era grande.

Pergunteille s' a muller
y-él eran un matrimonio;
respondeume a míñ que non,
e díxenll' eu: «San Antoño».

S' aquela muller de Dios
con él estaba casada,
era unha cousa qu' a míñ
non m' interesaba nada.

Pagoull' a barca n-a ria
pol' o bon corazón d-él


y-ademáis... porqu-ela viña
 de cara pra San Miguel,
 e non tiña cruz de rey
 pra pagar. E de maneira
 que d'entón tiña ela qu-ir
 dar volta pol-a Espiñeira.

—
 Chegan xuntos a taberna
 ateigados de contento,
 comeron unhos chourizos
 ben cargados de pimento
 picante, e más unhos hovos
 en tortilla. Moito viño
 beberon os dous *raposos*,
 e ateigados de cariño
 agardaban pol-a noite...
 pol-a noite tan ansiada,
 en que tan ben un com' outro
 tiñan a *engarell* 'armada.

—
 Anoiteceu... A muller,
 que non taba pr' a *xornada*,
 fuxiu de xunto d' o *pombo*...

e foi a buscar pousada
a outro sitio. O «paxaro»
moi tranquilo non estaba,
porque xa pasara tempo...
y-a pombiña... non chegaba.

Saleu pra fora mirando
(xa sin miga d' alegría)
a ver si ô rente d' acasa
a morena parecía...
¡Quiá!, non quedou a palleira,
nin as hortas, nin o prado,
que pol-homiño de marras
non fose ben rexistrado;
hastra que cheo de buscar
foi pr' a casa medio lelo,
e triste... por non poder
facer de noite... o «manguelo».



Pra o album de Rosiña

O meu triste corazón
late moy quedo, quedíño,
porque ainda no-alcontrou
nin un pequeno aloumiño

Diante de tí, xentil nena,
late más que de costume,
ferve com' a y-auga quente,
y-alumea com' o lume.

Ningún agarimo teño.
Ateigado de delores
despertou a miña y-alma
d' o pasado mal d'amores

JCánto sufro, canto peno,
cheo de delor e crebanto,
porque son moy pequenijo
pra-esa a quen quero tanto!

Teu falar e agarimoso
y-o corpo moy feiticeiro;
agora non sei si o amor...
e leal e verdadeiro.



O fio Pepe d' Aceña

N' un barrio preto de Lugo
hay un vello moy lembrado,
pol-a moita forza que
tiña antes de ser casado.

Era dono d' unha aceña
que xunto d' a casa tiña,
dond' iba sempre moer
Maripepa-a sua viciña,

Pra-ela lle facer crer
qu'era un home moy valente,
apeitaba c' o muiño
e parab-o de repente.

II

N-esta sazón tiña un can
d-esa raza de palleiro,
que tamén o admiraban
os veciños d' o rueiro;
porque de cote saltaba
de tal xeito e tal maneira
unha parede d' un prado
qu-había xunto a palleira.

.

III

Xunceuse Pepe, por fin,
co-aquela nena adorada
— que xa ll-estaba tardando —
com' a todas... ser casada.

O cabo de pouco tempo
quixo paral-o muiño
com' antes faguía; pero...
por pouco rompe o fuciño
d' a trompada que levou
n' un cabâce d' a muxega,

se non fora que bateu
 ali contra unha talega.
 ¡Probe de mí—excramou —
 cómo a forza se m' escapa
 dende que me casei eu
 co-a filla de Xan Beltraca!

IV

Pensativo volve a casa
 y-o vel-o can apurado,
 dando brincos pra saltar
 a parede ali d'o prado,
 díxolle: «Ah, pillo, gandulo,
 ¿cómo non podes brincar?
 ¡Leve Xuncras se tamén
 tí non te ves de casar!»



Supersticiós

I

Foi antonte unha vella cas Marica
e chupoulle-un café que-èla comera,
coado pol-a faldra d' a camisa.

II

En ningún dia de festa d' os do ano
non cocen a fornada n-esta terra,
porque teñen moito med' ó meigallo.

III

As mozas d' a Mariña non s-entenden;
eu merezo unha cousa... e non m-a dan
y-a outros danlles todo-o qu'eles queren.

IV

O víspera de San Xoan n-as lumieiras
queiman toxos a feixes as mulleres
pra que-o lume escorrente ben as meigas.

V

As vacas tod' a xente d' o meu pobo,
poñen allo colgado n-un talego
pra escorrentar d'elas o *mal d' ollo*.



Unha fía n-a Mariña

Divirsiós, as de Xalxendes,
o demáis é bulla todo;
eiquí temol-as rapazas
que a calquera volven tolo.

Hay unha lembrada fía...,
mociñas rubias d' o pelo,
que con tod' os seus feitizos
fanme a míñ perdel-o xenio.

Anque a pandeireta é rota
y-o bombo ten un furado,

hay que vel-o ben que tocan
 as mociñas d' este barrio,
 desde qu' escomenz' a noite
 hastra que xa canta o galo.

As casadas tamén cantan,
 jesas sí que teñen folgo!
 jesas sí son divertidas!
 jesas, sí, tocan... o bombo.

Un rapaz que garda-o loito,
 preto d' a moza sentado,
 fálalle, ¡bool!, muitas cousas
 d' esas que se dín doado,
 pr-o facelas, eu non sei
 se lle custará traballo,
 agora que pol-a guerra
 custa o pan de trigo caro.

Outro mozo non de lonxe,
 caladiño — ¡pra amolalo! —
 lèveme xa nunc-o deño
 se ch' é nin pinta apoucado.

Eu sí que non fago nada,
 anque dice a xente toda
 que unha vez que vou a fía
 e por falar con Aurora.
 Ben sab' ela qu' eu a quero;
 pro non me sirve de nada,
 porque cando me descuido
 ven outro mozo levala.

Calquera galán que vexa
 unha nena tan garrida,
 que me coma nunca Xudas,
 se non lle fux-a morriña.

¡Vivan as rubias d' o pelo!
 ¡Vivan as nenas guapiñas,
 que pr-alcontralas non hay
 máis que vir pol-a Mariña.

()

N-o barrio de Xalxendes, xunto a casa d' Ariegas,
 unha noite de Xaneiro.

Unha noite a «pita cega»

Noite crara de luar
era a d' o dous de Xaneiro,
n-a que salín eu de *rolda*
pol-as fóras d' o rueiro.

Cand-un home ten pasión
por unha nena xinxela,
e por mor de calquer cousa
alcóntrase lonxe d' ela,
tárdalle bicala, e xa
movido d' o gran cariño
que sinte por ela, vai
ofrecerlle un aloumiño.

Dentoncias... ¡qué cousas pasan!
 sin que sirvan d' escarmento
 probas en cabeza allea
 que se viron noutro tempo.

— Salía d' a casa correndo
 c-o medo de non chegar
 preto a Marica, con quen
 tiña moito que falar;
 xuntarme ó seu corazón
 pol-o amor nobre e sinceiro
 pra que logo me quixese
 con cariño verdadeiro.

— A veira d' a porta estiven
 esperando que salise
 a rapaza. E c-o coidado
 de que a madre non me vise.

— A condanada d' a vella
 a leria nunc' acababa
 co-a filla, cando lle dixo:
 — Marica, ¿tas namorada
 de Manoel, d' ise gran peixe?...
 — Madre, cale, non consinto

que d'ise mozo se queixe;
ta vosté moy cabucada
porqu' él é un home de *ben*
y-o probiño jsi soupera
o bon corazón que tení...
¿Sabe-o que debe facer?
Fregue ben con cinz-as potas,
mentres abrango d-o piorno
as castañas pr' as mamotas.

Colleu un cesto de bringas
e-a chave alí do alzadeiro,
e sal pra fora; vium-e dixo:
—¿Qué tal, qué tal, compañoiro?
Eu ben sabía que tí
me queres com-a ningùen;
pero víñchem' ista noite
con miña nai n-un belén...,
que me costou gran traballo
convencela de que tí
me queres moito, y-a fe
que-a convencín.

—Bueno, e dí
¿com' habemos de faguer

pra dimpois estar xuntiños,
desfrutando d-os praceres...
e d-os nosos aloumiños?

—Moy ben; nai hase deitar
gardando a chave d' a porta,
pro, en gardand' un anaco
brinc-a parede d' a horta,
e rube pol-a ventá
qu' está de frent-o palleiro.

Para eso non tes más
qu' engatar pol-o loureiro,

.

Entrei drento... rəbulimos...
y-a naide importa-o demáis,
por que si o digo n-o priódico
ha parecer mal... quizáis.

.

Chega a casa cheo de fame,
morto de sono, mollado,
e sin un peso qu-a ela
lle dín... *pra vir a cabalo...*

.

Brindis n-a botadura
do 'Electra do Masma'

Tod' home debe brindar
pol-a salú d' isa xente
que puxo tanto entusiasmo
e-un amor intrasixente
hacia a industria, es acicate
qu-a de facer de maneira
que seña grande, moy grande
ise pobo d' a Espiñeira.

¡Un barco! Facer un barco
é facer un grande ben,
é poer romedio a ises males
qu-a nosa terrina ten.
E dar pan a ises obreiros
n-istes tempos de laceria

con que agora nos afixe
a-soballante miseria.

Reimunde, nobre gallego,
e López, moy dicidido,
son homes que non podemos
pasar dexamáis o-olvido.

Son amantes d' a terriña,
d' a nobre terra gallega
dond-o patriotismo nobre
nisa xente hoxe fumega.

S-houbera moitos com-iles
dentón nós camiñaríamos
cara o progreso, e moy presto...
fortes, moy fortes seríamos.

Cruzará os mares o «Masma»
sin arredral-o timón,
como querendo decir
que por Reimunde... s-impón

Lonxe do pobo

Alcontràbam-eu un día
ateigado de morriña;
contento estar non podía
aló lonxe d' a terriña.

¿Qu-era o qu-a míñ me pasaba?
¡Tan afrixidiño!... ¡ay!
Eu non sei por quen choraba,
choraba... por miña nai.
¡Estaba tan afrixido!
N-a miña casa pensaba
lembrand-o padre querido
que tanto m-agarimaba.
¿Cómo iba estar tranquilo?
¿Cómo había estar eu ben?

¡Lonxe do pobo querido,
sin ter preto a míñ ningüén!
¡U-anaco d' amor non tiña!
¡Cheio de triste amargura
eu pensando n-a terriña
embargábam-a tristura!



N-a ponte do Mazo

—Miña Josefa, é moy grande
o cariño que che teño.

—Manoel, éresme moy pillo,
parece qu-erel-o deño
cando falas co-as rapazas
d' aldea.

—Quita pra fcora,
que tampouco es menos pilla
cando cadra...

—Tú, xaora,
as mulleres somos tolas,
jsi me lembro d' esa cousa
que me quixeches faguer
en Barreiro alí n-a chousa!

—Xa sabes que che pasou,
qu' anque a conta era furada,

non logrou debido efecto
tod' aquela trangallada...

—Pr-o mesmo fora que non.

—Eso xa, pro esa locura
arromediaba dimpois
en San Pedro o siñor cura.

—Romediaba, romediaba;
pro se tí non me quixeras
disgraciada había ser sempre...

—Pro s-eu quérote de veras.

—Dentón non che ten que ver,
pro anda dicindo a xente
qu' é mintira...

—¿Quén ch-o dixo?

—En Mundín teu tío Valente.

—A ese bástalle atender
a tocal-o cornitín,
qu-o demáis nada lle importa;
déixos, e créeme a mí.

—Pro dicen que non me queres,
que lle fal-o amor a Sara.

—Si é certo, dice tua nai,
qu-a conta hache saír caral

—Non te acupes, qu' è mintira;
 com-ela è tan feiticeira
 tenche mozos a gabelas,
 e de ningunha maneira
 che me quer de novio a míñ
 porque lle falan corenta.

El a míñ non che me quere
 pero estamos a sesenta.

—Falta fai meu Manoelin
 que non deixes de querer
 a Josefa,


—De xamáis
 eu t-ei chegar a esquencer.

—A tí tampouco esta tola
 pensa de t-abandonar,
 e pirmeiro de facelo,
 pirmeiro de te deixar...

—Cala, muller, que xa o sei.

—Pois na más.

—Gracias a Dios
 que s-afundiron n-un soilo
 n-ista ponte os corazós
 teu e meu, que s'idolatran



Faltan documentos (páxinas,
cadernos...)
ISO 9878/1990

por medio neto d' aceite
cústalle dous reás. Tamén
non s-alcontra cuase leite
porque o deixan os labregos
pra qu' engorden ben as crías.
E por falta de carbón
hay que comer papas frías.
O lenzo xa non s-atopa
s-ha de ser de calidá.
O cabo de pouco tempo
quen non teña morrerá
qu-os dentes ben regañados
de fame. Logo a miseria
farase dona de nos
s-este mal non se romedia.

—
¡Todas son contra de nosco!
¡Tod-o mal e pr-o gallego!
¡Tod-o sofre Xan Peisano!
¡Todos mallan n-o labrego!

Unacheite confesándose...

—Siñor cura, acusaréime
de decir moitas mentiras,
de facer atravesadas
e un cento de picardías;
de roubar a nai a nata...
de perder todal-as misas.

—¿Qué más?

—Tan tocando a gaita,
e ben que ll-a repinican...

—Cala, pecador; confesa
os pecados y-encubridas
que tes feito; dí: ¿qué más?

—Padre abade, con Marica
tiven...

—¿E qué lle fixeche?

—Debe ser Xan de Xoquina
o que toca for-a gaita
porque moito a repinica...

—Pro non ves qu-é gran pecado
falar n-a irexa...

—E diga.

¿s-estivera vosté fora
a muiñeira perdiría?

—Dí: ¿qué fixeches a moza?

—Taba facendo caricias
e se non forá que veu
a sua nai...

—¿Qué lle fariás?

—¡Qué ben toca Xan a gaita!

—Cala, neno, non seas tolo...

—Padre Ramón, fux-o deño
se pra xunto-ela non corro;
antes tocaban a gaita,
pro agora tambor e todo...

O que custa un bico

Empecei a ter amores
non fai hoxe moito tempo.

Falaba c-unha rapaza
d' esas d' a frol do rueiro.

Parolando entre nosoutros
o-agarimo d-un penedo,
tábamos moy tapadiños
unha noite de febreiro.

—¿Cómo me falas—dixo ela—
cando son tan...

—Moy mal xenio
se me pon cando me dices...

—Qu-o corpo meu e pequeno,
ch-iba dicir, y-enseguida
m-interrumpiche...

—Qué diaño,
pensaba qu' ibas dicir

outra cousa. Pro s-é eso
 non t-apures tí por nada,
 que si darche un bico quero
 doblegareime un pouquiño
 e dentón risult-o mesmo.

— Non nos habemos de ver
 n-eses apuros, traveso,
 xa pensas n-o que non debes;
 In-o que non has ver, meu neno!

Calei como un renegado
 por non despertal-o xenio
 d-a moza d-os meus amores,
 que ainda non tiña n-o peto.

O noso amor adiantouse,
 y-o cabo de pouco tempo
 falábamos xa entr-os dous
 con algo de menos medo.

Resulta, qu' en confianza
 díxenll' eu a ela con medo:
 — Voume pra miña casiña
 e tí quedas n-o rueiro
 hastra xoves qu' ei volver;

¿Dásm-un bico?...

— Díat-o deño

e te coma. Non me queres,
e desd-hoxe t-arrenego,
porque empezas a abusar
d'a confianza que temos.

Marcheime com-ô raposo
pr-a casa non moi contento,
porque aquelo qu' eu queria
non logrou debido efeuto.

Sin pensar dimpois en nada
foron pasand-os momentos
hastra un día que n-a porta
nos volveu xuntar o deño.

Argallando con xeitiño
co-a sua trenza do pelo
pouco a pouco fun xuntándose
ô seu corpo feiticeiro,
e sin lle decir nin jay!
aquei biquiño roubeillo.

Púxose muy colorada
e chamoume coase un cento

por atrevido e indecente,
por facer o que non debo.

Aquela noite, o amor
foime crecendo, crecendo;
y-aquel fogo de cariño
do noso bico pirmeiro
fixo que sempre señamos
moy leales e sinceiros.

Aquel bico que tan caro
me custou a míñ ¡qué deño!
fixo trocarse o amor
en cariño sempiterno,
e d-aquela nos seguimos
moy tranquilos e xinxelos
como se fóramos dous
ánxeles d' eses do ceo.



Un crego de «xémaro»

— Manoeliña, ven acó,
que ch-ei de contar un conto...
— E vosté unha boa alhaxa...
agora non vou, recoiro.
Non anda sinón buscando
xeito pra ver si me poño...
com' osté non pode estar.
— Mira, ven acó, que logo
che darei eu unha conta
d-un rosario milagroso
que se andas sempre con ela
non hay que ter med-o *conto*...
— Boeno, sendo así..., quizáis
xa non teña tanto noxo
de vostede.

— Hálala xa...

— Non, ser e vosté bon *polo*.

* *

Siñor cura, sinto náusias
e agora coase non como
porque estou moy acupáda
d-o que xa sabe. Non pudo
conmigo.

— Pro dí, Manoela,

¿qué procesión tes n-o corpo?

— Non fai falla lembrar nada

d-o que fixemos nosoutros,

que vosté moy ben o sabe,

¿ou quérse faguel-o tolo?

— Xa d-aquelo fago cargo;

pro tamén moito recordo

que che dera eu unha conta

d-un rosario milagioso.

— ¡Y-esa conta anda comigo!...

— Amósama...

— ¡Qué demoro!

¿Vou vel-a conta furada?

Pois furado foi o conto...

Un gallego de canteira

Xoquín d' a tía Marica, era un rapaz bastante listo n-a escola, pro que non puido chegar a saber moito por mor de axudar a sua nai a ganal-o pan, porque o padre andaba pol-a Cruña traballando de zapateiro, sin lembrarse pra nada d' a sua xente.

Foi andand-o tempo, e sempre Xoquín se distinguia pol-o chistoso e alegre que era en calquer sit' onde s-atopaba. Chamábano sempre cando había algunha rumbada n-o pobo ; cando se casaba unha viuda, pra tocal-o corno; cando se proyeutaban os carnavales, pra servir d' antroido; en fin, sempre o noso mozo era ouxeto de groma e risa pra todos, así que o querían moito: unha, pol-as

suas simpatías, e outras, porque non lles tomase o pelo.

Así foi andand-o tempo, hastra que Xoquín cumpriu os vinte anos. Sorteou, e tocándolle o número catro, tuvo necesidà d' ir sirvil-o Rey, con moito sentimento pr-o pobo, e más ainda pr' a sua nai a quen ll-axudaba muito n-o traballo.

Deseguida que se rozou un pouco co-a xente do pau, ou seña c-os soldados, xa se fixo popular, y en todol-os sitos lembraban ó gallego pol-a sua sabencia e habilidade pra facer trasnadas.

Un día saliron de paseio unhos soldados, y entr' eles iba o noso Xoquín sempre buscando ocasión de facer unha que chamase a atención d' os compañeiros.

—Queredes xogar un neto — lles dixo ôs compañeiros — a que lle faigo bailar a muiñeira ó burro que trai aquel cazoleiro?

—Xa està aventurado — dix un d' a coadrilla.

Foi o noso Xoquín, e chegándose preto o cazoleiro, díolle: — Ay siñor, ¡déixame vósté contarlle un conto o burro?

— Cántalle anque seña un cento — dixo o cazoleiro.

Chégase o gallego xunto d-o burro, e arrimándolle as orellas a sua cara, soltou o seu cigarro encendido que levaba, e deseguida empezou o burro a dar cuches de tal xeito que cuasemente rompeu tod-o que levaba n-os cestos.

— ¡Arrenego sea-o demo dix' o dono d'a cacharrería.—Agora mesmo has de pagala, treidor. E dirixeuse o Coartel pra dar parte d-o soldado que lle fixera aquela fragallada.

Falou con un de crase, que resultou ser Capitán, e pol-as señas que lle deu, moy axiña comprendeu que non podía ser outro qu-o gallego o autor de tamaña travesura, e ardendo en mal xenio, mandouno chamar, e con gran enerxía díolle:

—Tú, soldado maligno, qué has hecho a este buen hombre?

—Eu, *mi Capitán*, —respondeu Xoquín —pedínlle a ese home se me deixaba contarll-un cont' o burriño e díxome que sí; dentoncias empecéi dicindolle que morrera seu abó, seu pai, sua nai e seus hirmaus, e que por todos eles lle tocaba como herencia catrocentas vinte fanegas da cebada; craro, o probiño púxose tan ledo, qu' empezou a bailar d-alegría. E ben que facía n-os puntos!

O Capitán, sin ter que reprimirle, dixolle:

—Pues para otra vez, déjese de esas cosas, porque ya sabe que no puede uno decir todo lo que quiera aunque lo piense.

—De xeito, *mi Capitán* —dixo Xoquín coadrándose —que ninguén pode decir o que pensa, pro si pensa unha cousa mala se non-a dice ¿pásalle algo?

—Por pensarla nada —dix-o Capitán.


—E se penso que *ueste* é un animal
sin decilo, ¿qué me socede?

—Nada; pero guárdese bien de de-
cirlo.

—¡Ay, non siñor; decir non-o direi
nunca, pro pénsollo.



INDICE





INDICE

PÁGINAS

Portada	3
Dedicatoria	5
Par' o leitor	7
A Galicia	9
A Terra	11
A Ramón Cabanillas	13
Unhos eran falsos y-outros nou pasaban	14
Terra	17
Pra ela	20
Meu lema ó iste	22
¿Adios?	23
Mal d' amores	25
Un pombo	27
Pra o album de Rosiña	30
O tio Pepe d' Aceña	32
Supersticiós	35

Unha fia n-a Mariña	37
Unha noite a «Pita cega»	40
Brindis n-a botadura do «Electra do Masa-	
ma	44
Lonxe do pobo	46
N-a ponte do Mazo.	48
Mal do labrego.	52
Un acheite confesándose	54
O que custa un bico	56
Un crego de «xémaro».	60
Un gallego de canteira.	62
Indice	67



